

XX Travesía Abelardo López -Regulamento-

ORGANIZACIÓN.- Correrá a cargo do Patronato Municipal de Deportes de Ferrol, coa colaboración da Asociación de Padres e Amigos de Nadadores (Club Marina Ferrol), e estará rexida polas normas do presente Regulamento, co control do Comité Galego de Árbitros.

DATA E HORA DE CELEBRACIÓN.- A travesía celebrarase o domingo 25 de xullo, ás 17,00 horas.

LUGAR DA PROBA.- A proba transcorrerá sobre un triángulo, dentro da enseada da Malata, na zona adxacente á glorieta de entrada ao Porto de Ferrol.

CATEGORÍAS.-

A	Masculina	Nados 1998 e posterior.
	Feminina	
B	Masculina	Nados 1996 e 97.
	Feminina	
C	Masculina	Nados 1994 e 95.
	Feminina	
D	Masculina	Nados 1992 e 93.
	Feminina	
E	Masculina	Nados 1984 a 1991.
	Feminina	
F	Masculina	Nados 1978 a 1983
	Feminina	
G	Masculina	Nados 1973 a 1977
	Feminina	
H	Masculina	Nados 1972 e anteriores
	Feminina	

PERCORRIDO.- Establécense dous percorridos:

Percorrido **A**: De 2.000 metros, para as categorías B-C-D-E-F-G.

Percorrido **B**: De 1.000 metros, para as categorías A-H

INSCRICIÓN.- Son libres e poderán participar todos os nadadores que o desexen, posúan ou non licenza federativa. Estas deberán dirixirse antes do día 22 de xullo a:

PATRONATO MUNICIPAL DE DEPORTES DE FERROL, por correo ou por teléfono 981 944 200 e fax 981 944 208; tamén pódense remitir ao CLUB MARINA FERROL, por correo ao apartado 600, por teléfono/fax ao 981 355 076 ou a dirección de correo electrónico: info@clubmarinaferrol.org

Os datos necesarios para a inscrición serán:

- Nome e apelidos
- Data de nacemento (Día, mes e ano)
- Categoría de participación
- Club no que milita (Participantes federados)
- Número de licenza (Participantes federados)

Nota: Tamén poderán inscribirse ata 1 hora antes do comenzo da travesía no mesmo lugar da saída.

TROFEOS.- Terán trofeo os seguintes participantes na travesía:

- Os tres primeiros clasificados en cada categoría, en masculino e en feminino.
- Os participantes máis mozos e de máis idade (2 trofeos)
- Os vencedores absolutos da travesía, tanto nos percorridos A como en B.

SEGURIDADE.- Durante a celebración da travesía a Organización contará coa colaboración de Protección Civil, Cruz Vermella do Mar, etc.

VARIOS.- Non se poderán utilizar aletas, neoprenos, flotadores ou similares, nin ningún dos traxes de baño incluídos na lista vetada pola FINA

FINAL.- A travesía darase por finalizada aos 45 minutos seguintes de haberse dado a saída. Todo participante que non finalizase a mesma nese tempo, quedará descualificado automaticamente.

*Nota: O acto da inscrición supón a conformidade co presente Regulamento.
A entrega de trofeos realizarase ás 18,30 horas aproximadamente.*